

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

ACCIÓN 7. Convenios de Colaboración

A Concellaría de Empleo, a través desta ferramenta, quere poñer en marcha unha formación “a medida” e axeitada ó posto de traballo cun determinado grupo de usuarios, realizándose nas propias instalacións das empresas. Estas poden ser de dous tipos, por unha banda convenios de colaboración de prácticas tuteladas e, por outra, convenios de colaboración de formación.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN DE PRÁCTICA TUTELADAS

OBXECTIVOS

Trátase de reforzar a formación e experiencia profesional dos usuarios do Plan Municipal de Empleo, a través do contacto con ambientes reais de traballo.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

Accións de capacitación para o emprego, non remuneradas (se contempla a posibilidade de abono de dietas de desprazamento) durante un período de duración non superior a 100 horas, e cunha xornada de formación non superior a cinco horas diarias que rematará, previsiblemente, coa inserción laboral da persoa.

É preciso a redacción do convenio de colaboración e o nomeamento da figura do titor que é a persoa encargada de facer un seguimento exhaustivo das actividades realizadas polos titorizados.

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

DESTINATARIOS	Persoas desempregadas do Concello do Porriño inscritas na Bolsa Municipal de Empleo, que se atopan en búsqueda de emprego e teñan vontade de ter unha disposición activa no seu proceso de integración laboral.
FORMA DE ACCESO	Previa inscrición na Bolsa Municipal de Empleo.
EQUIPO	Axentes de Desenvolvemento Empresarial
PREVISIÓN ANUAL	Realización de máis de 100 becas, dependendo dos orzamentos municipais dispoñibles, procurando a inserción laboral destas persoas nas empresas
FINANCIAMENTO	Concellaría de Empleo Deputación de Pontevedra



Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

CONVENIOS DE COLABORACIÓN DE FORMACIÓN

OBXECTIVOS	<p>Facilitar os usuarios da Bolsa de Empleo unha aprendizaxe activa dentro do ámbito da empresa, onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias os distintos postos de traballo e coñecer as relacións laborais e de organización interna da empresa.</p>
CARACTERÍSTICAS XERAIS	<p>Trátase de accións formativas, basicamente prácticas , que se adaptan e deseñan tendo en conta o perfil das persoas beneficiarias do Plan Municipal, así coma as necesidades das empresas.</p> <p>Poden ser con/sen compromiso de contratación.</p> <p>É preciso a redacción dun convenio de colaboración e o nomeamento da figura do titor que é a persoa encargada de facer un seguimento exhaustivo das actividades realizadas polos titorizados.</p>
DESTINATARIOS	<p>Persoas desempregadas do Concello do Porriño inscritas na Bolsa Municipal, que se atopen en búsqueda de emprego e teñan vontade de ter unha disposición activa no seu proceso de integración laboral.</p>
FORMA DE ACCESO	<p>Previa inscrición na Bolsa Municipal de Empleo.</p>

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

PREVISIÓN ANUAL	Realización de varios cursos en función das posibilidades que xurdan coas empresas do entorno, de entre 8-12 alumnos cada un, e con unha inserción do 50%.
FINANCIAMENTO	Concello do Porriño.

